

*DON JOSÉ MARIA BAÑOS CAMPO SECRETARIO DO CONCELLO DE
MONFORTE DE LEMOS (Lugo)*

CERTIFICA

Que a Xunta de Goberno Local de 4 de xullo de 2016 en sesión ordinaria adoptou entre outros o seguinte acordo:

“5.- CONTRATACIÓN E SERVIZOS

A) CONTRATACIÓN.

A2.CONTRATO MENOR DA OBRA DE INSTALACIÓN DE ALUMEADO PÚBLICO NO PARQUE DO PASEO DE LUGO E PASEO DO MALECÓN DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS (EXP.028-OBRMen16).

1.- De acordo co disposto no artigo 6 do RD Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP), son contratos de obras *“aqueles que teñen por obxecto a realización dunha obra ou a execución dos traballos enumerados no Anexo I ou a realización por calquera medio dunha obra que responda ás necesidades especificadas pola entidade do sector público contratante...”*.

Segundo o técnico redactor do proxecto consta na pax. 34 do mesmo que.- *“as actuacións contidas no mesmo atópanse contidas nos supostos indicados no Anexo I, como “... instalación de sistemas de iluminación e sinalización de estradas...” (Código CPV 453160000), polo que, a efectos de contratación segundo o TRLCSP, pódense considerar como un contrato de obras (...)”*.

2.- Pola súa banda, o TRLCSP, regula nos artigos 111 e 138.3, o contrato menor.

De acordo con estes artigos os contratos menores, que se definen exclusivamente pola súa contía, a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, e a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos.

Non entanto, no contrato menor de obras deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe de supervisión a que se refire o artigo 125 do TRLCSP cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.

Os requisitos esixidos polo TRLCSP, teñen o carácter de mínimos polo que non existe impedimento en que, por parte do órgano de contratación, esíxanse outros en orde a delimitar os dereitos e obrigacións que asumirán as partes do contrato.

Neste senso, a base 33ª das de execución do orzamento do Concello, referida aos contratos menores, precisa que *cando a contía sexa superior a 3.000 euros o expediente conterá unha proposta de adquisición razoada, detallada e valorada, debendo*

acreditarse a consulta a tres empresas, polo menos, salvo que resultase imposible ou inconveniente por razóns que deberán acreditarse no expediente.

Pola súa banda, a Orde de 23.12.2015 precisa que *“todas as entidades beneficiarias deberán SOLICITAR e OBTER como mínimo tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación...”*

Respecto deste último, constan no expediente solicitude de orzamento a tres empresas tecnicamente capacitadas para a execución do contrato e as ofertas correspondentes achegadas polas mesmas, previa posta de manifesto do proxecto e da relación das melloras solicitadas e avaliáveis.

Pola súa banda, a citada base 33^a.2 precisa que. *“as propostas de contratos menores deberán remitirse para a súa tramitación ao Servizo de Contratación, para os efectos de comprobar que a persoa física ou xurídica proposta para a execución do contrato estea ao corrente das súas obrigacións tributarias e da Seguridade Social, non estea incurso nas prohibicións de contratar e reúne, e que en consecuencia reúne as condicións para ser contratista coa Administración Pública, do que o responsable da oficina de contratación deberá deixar constancia escrita no expediente”.*

Neste senso convén advertir que coa entrada en vigor da Lei 30/2007, 30 de outubro de contratos do sector público e posteriormente do TRLCSP, a redacción do art.138.3 deste último, como sabemos, indica que os contratos menores poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria. Deberemos preguntarnos, pois, se cabe agora que estes dous requisitos poidan seguir sen acreditarse no expediente dos contratos menores. O Informe da JCCA 1/09, de 25 de setembro de 2009, non o ve posible, ao indicar que *“a limitación de esixencia de requisitos de aptitude á capacidade de obrar e ao título habilitante ha de entenderse no sentido de que non é preciso acreditar documentalmente máis que unha e o outro. Con todo, evidentemente, se a empresa adjudicataria atópase en prohibición de contratar e esta circunstancia é do coñecemento do órgano de contratación debe ser tida en conta”.* En consecuencia, a capacidade de obrar e a habilitación profesional deben acreditarse documentalmente, ***non así, necesariamente, o non estar incurso en prohibición de contratar*** nin a solvencia económico-financieira e técnico-profesional do licitador. En calquera caso, algunhas Xuntas Consultivas autonómicas, por todas a de Canarias (Informe 1/2015 de 20 de marzo), manteñen, baseándose na doutrina da JCCA previa á entrada en vigor da LCA, a opinión da non-necesidade de acreditar documentalmente estes requisitos.

En todo caso, consta no expediente **declaración responsable** da empresa/persoa física que presenta a oferta economicamente máis vantaxosa de 29.6.2016 a cal terá os efectos previstos no art. 61.bis do TRLCSP.

3.- Como xa expuxemos, de conformidade co establecido no citado artigo 138 do TRLCSP, a denominación de contratos menores, o é en consideración ao seu importe, que ha de ser inferior a 50.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 18.000 euros, cando se trate doutros contratos.

Estes contratos non poderán ter unha duración superior a un ano, nin ser obxecto de prórroga nin de revisión de prezos (art. 23 ex. art. 89 TRLCSP). Así mesmo, resulta

preciso proceder a sinalar o prazo de execución do contrato que no suposto concreto que nos ocupa non pode demorarse por máis de dúas semanas.

4.- A adxudicación do contrato deberá recaer na proposta económica máis vantaxosa, segundo os criterios de valoración fixados (art. 150 do TRLCSP). Neste senso, constan no expediente informe do Técnico redactor do proxecto de 1.7.2016 (NRE. 8186/2016) de avaliación das ofertas achegadas, coa seguinte conclusión.- *“Una vez analizadas las propuestas, y a la vista de la documentación que consta en el expediente municipal, el autor del presente INFORME concluye que la propuesta más conveniente de las analizadas, con las condiciones incluidas en la solicitud de oferta y en el correspondiente Proyecto Técnico, es la PROPUESTA 3 –INTELGA MUNDOOR S.L., la siguiente es la PROPUESTA 2 –JOSMA ELECTRICIDAD S.L. y la tercera es la PROPUESTA 3-DOMOLUX GALICIA S.L.”*

Dito informe foi ratificado polo informe da Enxeñeira técnico municipal de 1.7.2016.

5.- A competencia para contratar, de conformidade co previsto no apartado primeiro da Disposición Adicional Segunda do TRLCSP, atribúese ao Alcalde, sempre que o importe do contrato non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do Orzamento. Se sé supera a referida porcentaxe a competencia corresponderá ao Pleno. Non entanto, por Decreto de Alcaldía de 18.6.2015 (BOP nº 160 de 14.7.2016), dita competencia atópase delegada na Xunta de Goberno Local do Concello de Monforte de Lemos.

Por canto antecede, a Xunta de Goberno Local adopta por unanimidade o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- APROBAR o gasto correspondente á adxudicación da execución da obra con cargo á aplicación 165.639.00 do vixente orzamento xeral municipal.

SEGUNDO.- ADXUDICAR, por “contrato menor”, a execución da obra denominada de *“ACTUACIÓN E INSTALACIÓN DE ALUMEADO PÚBLICO NO PARQUE DO PASEO DE LUGO E PASEO DO MALECÓN DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS (EXP.028-OBRMen16) á mercantil INTELGA MUNDOOR S.L. con CIF. B-27.245.174 e/r D. José Luis López Rodríguez con DNI. 34.254.768-V, polo importe de 47.000,00.-€, aos que habería que engadir 9.870,00.-€ en concepto de IVE (21%) o que fai un total ascendente de 56.870,00.-€ (IVE incluído), que se obriga a execución da obra con estrita suxeición a seguinte documentación, toda ela de carácter contratual; a su oferta económica (NRE. 7968/2016 de 29.6.2016); ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno Local con data 27.6.2016 ; e as seguintes melloras sen custo para está administración por ela ofertadas.-*

MELLORA	CUSTO
<i>Subministración e instalación dun cadro novo.</i>	<i>600,00.-€</i>
<i>Instalación de 4 proxectores en 2 columnas da pista deportiva.</i>	<i>200,00.-€</i>
<i>Subministración e instalación 1 luminaria ATP VILLA XLTA2 LED 35W.</i>	<i>450,00.-€</i>

<i>Subministración e instalación 4 luminarias viarias BENITO ELIMU 53W ADVANCE incluíndo brazo.</i>	<i>1.000,00.-€</i>
<i>Adicional: Subministración e instalación 1 luminaria viaria BENITO ELIMU 53W ADVANCE</i>	<i>250,00.-€</i>

TERCEIRO.- Unha vez executada a obra, incorpórese a factura e tramítese o pago se procede

CUARTO.- NOTIFICAR o presente Acordo aos interesados no procedemento.”

E para que así conste e coa advertencia prevista no artigo 206 do ROF, expido e asino a presente de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Monforte de Lemos a cinco de xullo 2016.

Vº e Pce.
O ALCALDE

José Tomé Roca

